

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 27 DE XUÑO DE 2022**

Ás 10.00 horas do día 27 de xuño de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

### **Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, incorpórase á sesión no punto segundo da orde do día. O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións, cando se trataba o punto quinto da orde do día, e non regresou. A deputada non adscrita, dona Montserrat Lama Nóvoa, e o deputado do Grupo Popular, don Plácido Álvarez Dobaño, ausentáronse do salón de sesións no punto undécimo, “Rogos e preguntas”, e non regresaron.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

### **1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 25 DE MAIO DE 2022 E Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE MAIO DE 2022.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado dos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á extraordinaria do día 25 de maio de 2022 e á ordinaria do 27 de maio de 2022.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión extraordinaria 25 de maio de 2022 e á sesión ordinaria do 27 de maio de 2022, conforme cos borradores elaborados pola Secretaría Xeral.

### **2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021.**

A Interventora Xeral da Deputación informa da tramitación seguida pola conta xeral da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes e adscritos.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Manifesta que estamos diante dun documento basicamente técnico que representa a realidade económica da Deputación, a cal tiña unhas previsións iniciais moi baixas e que se incrementaron en torno aos corenta e sete millóns de euros ao longo do exercicio de 2021. Indica que desde o punto de vista político si se debe mencionar o feito de que o remanente de tesourería se sitúe en torno aos corenta e oito millóns de euros, xa que parece algo a sinalar nunha provincia falta de accións que activen o seu desenvolvemento e na que a perda de poboación é unha constante nos derradeiros anos, o que supón un gran contraste e engade que desde o BNG lles gustaría que este remanente se transformase en accións que activen o seu desenvolvemento económico e que traten de reverter a situación actual da provincia.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza solicitando que se retire este asunto da orde do día, xa que entende que, se ben a conta xeral referida ao INORDE e aos consorcios está completa, faltan no expediente documentos na parte relativa á propia Deputación Provincial. Engade que aínda temos tempo suficiente para aprobar este documento polo que incide na retirada deste asunto da orde do día desta sesión plenaria e así podelo tratar noutra sesión.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que estamos ante un asunto técnico e de trámite e que recolle a conta da propia Deputación e dos seus entes dependentes e adscritos. Seguidamente sinala que esta foi ditaminada favorablemente na respectiva comisión informativa e que foi sometida ao preceptivo trámite de exposición ao público sen que presentasen alegacións, polo que non entende que agora se fagan este tipo de solicitudes e comentarios por parte do grupo socialista.

- A Presidencia sinala que, segundo lle informan, toda a documentación está incorporada ao expediente, pero que non habería ningún problema, se así o acorda o pleno, en deixar este asunto enriba da mesa para a vindeira sesión.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Fai unha enumeración dos documentos aos que el pode acceder, indicando que faltan documentos relativos á conta xeral da Deputación, e manifesta que non debe existir ningún problema de tipo técnico, xa que pode acceder ao resto da documentación dos restantes expedientes sen ningún tipo de incidencia.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Intervén para pregunta por que razón o grupo socialista non manifestou a falta de documentación con ocasión da comisión informativa e tivo que agardar ata esta sesión plenaria.

- A Presidencia manifesta que non debe existir polémica neste asunto e que pode aprobarse perfectamente na vindeira sesión plenaria do mes de xullo, polo que propón que ao abeiro da previsión do artigo 92 do ROF, se retire da orde do día e se aprace o seu tratamento ata a vindeira sesión plenaria.

Unha vez sometido a votación, por unanimidade, este asunto foi posposto para a próxima sesión do Pleno e, polo tanto, foi retirado da orde do día por falta de documentación.

### **3º.- MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN N.º 90 DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

A interventora xeral da Deputación explica o contido da modificación da base núm. 90 do Orzamento vixente da Deputación Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza manifestando que si entende ben a proposta, posto que son pagos a conta a liquidar ao final do mandato, tería incluso efecto retroactivo cara ao exercicio do 2021. Desde un punto político, sinala que o pacto antitransfuguismo ten tido varias modificacións, e que lle chama moito a atención que na data 20 de setembro de 2020, con ocasión dunha moción do grupo do BNG para reprobado os casos de transfuguismo nos concellos de Viana do Bolo e Castrelo de Miño que se tratou nesta Deputación, o grupo de DO naquela ocasión dividiu o seu voto, votando un a favor e outro en contra. Pregunta ao grupo de DO se o pacto antitransfuguismo vale agora, e daquela non valía, ou cal é a súa vinculación. En todo caso, sinala que con esta modificación o grupo de DO se vai a levar 900 € máis ao mes para o seu petiño, preguntando se merece a pena acollerse agora ao pacto antitransfuguismo que daquela non valía. Critica igualmente a postura do PP, que con anterioridade non apoiou o pacto antitransfuguismo e agora si o fai, preguntando ata cando vai durar o pacto que manteñen nesta Deputación e na cidade e cando se vai a romper definitivamente, e máis cando no concello de Ourense os enfrontamentos públicos entre PP e DO son continuos e onde parece que o único que lles une é o ánimo de facer caixa, cuestión que é bastante lamentable para toda a provincia. Por último lembra que

este acordo trata de recoller un acordo da xunta de goberno da FEMP e que aínda non foi trasladado á lexislación vixente.

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que, se ben o montante económico deste acordo non é moi importante, si que este serve para poñer á vista todas as contradicións políticas desta provincia, xa que afecta a varios grupos desta cámara. Para empezar, lembra que este asunto non estaba incluído na orde do día da comisión de facenda, e que se incluíu pola vía de urxencia, e onde o presidente da referida comisión manifestou que a Presidencia facía súa unha proposta presentada polo voceiro do grupo de DO. Sinala que o fondo da proposta trata de recoller un punto do denominado pacto antitransfugismo, levado logo a declaración institucional por parte da FEMP, e que se trata dun pacto que é totalmente alleo e contrario ao que representan tanto o PP como DO. Sinala que este pacto, iniciado no ano 1998 cun acordo de todos os grupos políticos, que tivo posteriormente varias addendas, e que foi reactivado no ano 2020 despois de varios anos parado, e o 11 de novembro dese ano subscribiuse a terceira addenda, que é a que agora se utiliza. Seguidamente lembra que con data 6 de marzo de 2019 se tratou neste pleno unha moción do grupo socialista para condenar o transfugismo, á que votou en contra o PP e se abstivo o grupo de DO. Lembra que naquela moción se trataran os casos de transfugismo que lle deran a alcaldía ao PP en Porqueira e Trives naquel momento e o caso da moción de censura fracasada en Calvos de Randín, e se lembraran tamén casos de alcaldes que cambiaron do seu partido ao PP como os casos de Cortegada, Rairiz de Veiga, Melón e outros. Engade que todos sabemos cal é o compromiso do PP de Ourense e da Deputación co transfugismo, que é pleno. O 30 de outubro de 2020 hai unha moción do BNG en defensa do pacto antitransfugismo, á que o PP vota en contra, na que se condena a moción de censura de Castrelo de Miño, con dous tráfugas do PSOE que lle deron a alcaldía ao PP e que fai que os dous melloren os seus dereitos e a súa situación ao ser nomeados tenente de alcalde e concelleiros delegados, o que supón un incumprimento evidente do pacto antitransfugismo. Unha situación similar deuse no concello de Viana do Bolo, onde incluso un tráfuga do PSOE foi alcalde durante un tempo, para logo cederlle a alcaldía ao PP, o que supón outro claro incumprimento do pacto e mellorando e moito a súa posición. Isto é o que ocorre nesta provincia co pacto antitransfugismo e co PP de Ourense. O 13 de xuño de 2021 o PP emite un comunicado no que se considera fóra do pacto antitransfugismo, porque non acepta unha resolución da comisión de seguimento do pacto que declaraba tráfuga ao Presidente da

rexión de Murcia e a catro deputados que non permitiron a moción de censura PSOE / Ciudadanos naquela CA. É dicir, a data de hoxe, o PP non subscribe o pacto antitransfuguimo, pero parece que si nesta Deputación, facendo súa unha petición do voceiro de DO. Seguidamente dá lectura a unha acta plenaria desta Deputación na que o voceiro de DO, Armando Ojea, dicía que os partidos que non subscribiran o pacto non teñen porque sentirse vinculados por el, e dicía que para que este fose de obrigado cumprimento debера converterse en lei, e xustamente o punto que trae hoxe DO é o contrario, pedir que se cumpra un pacto, que o seu grupo non subscribiu e que aínda non foi convertido en lei, polo que se ve, o grupo de DO cambia de posición segundo lle interesa. Remata indicando que resulta absolutamente contraditorio que o PP, que está fóra do pacto antitransfuguismo e fomenta o transfuguismo nesta provincia e no resto de España, e DO, que non o subscribe, pretendan agora facelo cumprir nesta Deputación Provincial.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que el se vai cinguir exclusivamente ao punto da orde do día sen entrar noutro tipo de consideracións. Sinala que a proposta da Presidencia recolle con detalle a modificación das bases de execución do orzamento vixente, e que responde a unha petición do grupo de DO. Vista a solicitude, iniciouse o expediente para tratar de adaptar a regulación provincial ás recomendacións e á declaración institucional da FEMP sobre o pacto antitransfuguismo, en relación aos dereitos económicos dos grupos políticos que sufran casos de transfuguismo político. Engade que o servizo de intervención provincial emitiu un informe favorable ao respecto deste cambio, polo que o grupo popular vai a votar a favor desta proposta, como non pode ser doutro xeito.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza criticando a presunta superioridade moral do grupo socialista, lembrando cando ela mesma acudiu a unha reunión na sede do PSOE para tratar unha posible moción de censura nesta Deputación provincial, e donde estaban sentados outros non adscritos ou tráfugas, e parecendo, segundo ela, que ao PSOE entón non lle importaba negociar unha moción de censura con eles, con tal de conseguir o goberno provincial. Insiste en que o grupo socialista pretende amosarse cara á cidadanía como non é, predicando unha cousa e facendo a contraria. Sobre a afirmación do voceiro socialista de que o pacto entre PP e DO é o pacto da vergoña, porque representan cousas distintas, pregunta entón que sucede co pacto do PSOE a nivel estatal con partidos independentistas e sobre todo con BILDU, polo que o PSOE non é o máis indicado para falar e criticar os pactos doutros partidos.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que este acordo amosa contradicións evidentes, sendo obvio que tanto PP como DO non cren no pacto antitransfugismo, xa que votaron en contra en senllas mocións tratadas neste pleno que non facían máis que reproducir partes dese pacto, e unicamente o apoian para cuestións meramente económicas, neste caso por 900,00 € máis ao mes para DO. Unha mostra máis é que fai escasos meses no concello de Ourense o PP non apoiara esta proposta, porque non estaban en “fase amigos”, pero parece que agora “retomaron a relación”, preguntando ata cando durará. Vendo esta situación, pregunta cal debe ser a percepción da sociedade destes pactos, indicando que non é nada exemplarizante, e que se está aplicando algo que dificilmente é aplicable cando non cumpren nin aplican outras partes do pacto antitransfugismo.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para manifestar que o voceiro do grupo socialista aludiu a unha intervención súa nunha moción sobre o pacto antitransfugismo que é perfectamente explicable. Así indica que este pacto se asinou entre varios partidos políticos antes de fundarse DO, polo que é perfectamente lóxico non sentirse vinculado por algo que un non firmou. En todo caso sinala que é unha falacia dicir que non sentirse vinculado supón que están en contra del, xa que podes estar de acordo con todo, ou con parte deste. Reitera que DO non está vinculado con ese pacto porque non o asinou, pero que iso non supón necesariamente estar en contra del. Evidentemente a vinculación chegará cando se converta en lei, pero ata entón o pleno é soberano para decidir o tipo de vinculación coas medidas dese pacto, e que iso é precisamente o que se vai a votar. Remata indicando que esta proposta fortalece o pacto antitransfugismo que vostedes firmaron.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que resulta entenecedor como o deputado Armando Ojea pretende saír de situacións que non teñen saída. Engade que el non fai ningunha falacia e que o que fala con absoluta demagogia é o voceiro de DO, que dixo literalmente que mentres non sexa lei non se sinte vinculado, preguntando entón por que manifesta agora que cre nisto. Sobre o informe favorable da intervención, sinala que se trata dun informe de procedemento e que non entra no fondo do asunto, e que como ela mesma sabe, se entrase, tería que dicir que o pleno non pode ser soberano por enriba das leis, e que isto non é máis que unha declaración institucional dunha asociación de entidades locais, que é o que é a FEMP. Seguidamente insiste en que o PP está fóra do pacto antitransfugismo, polo que é lamentable que o PP argumente que apoia este

acordo para cumprir un pacto do que se botou fóra. Sobre a intervención da señora Lama, pídlle que non se moleste porque a cualifique de tráfuga, porque precisamente esa é unha definición que está recollida no propio pacto. Engade que xa postos a que este pleno adopte acordos por enriba das leis, poderíamos coller o punto catro do pacto antitráfugismo, que recolle que aqueles cargos que non sexan elixidos por sufraxio directo, como son as deputadas e deputados provinciais, deben entregar a súa acta en supostos de tráfugismo, e preguntando por que non se apoia entón esta proposta na deputación, que co caso do tráfugismo da deputada Montserrat Lama, causou un gran prexuízo ao Partido e ao grupo de Ciudadanos que quedou sen representación nesta corporación provincial, cando foi elixida baixo as siglas desa formación política coa que concorreu ás eleccións municipais. Dito isto, manifesta que o grupo socialista non pode estar a favor de algo que non é lei, que non poden estar a favor de algo que propoñen dous grupos políticos, un fóra do pacto antitráfugismo e outro que non o apoia ata que se converta en lei, que outro como o PP que se apoia continuamente en concelleiros tráfugas para acceder a alcaldías, e todo por 900,00 € ao mes que vai a levar para o seu peto o grupo de DO.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Manifesta que pouco se fala da modificación da base 90 das de execución do orzamento xeral desta Deputación, que é o que realmente se vota. Engade, por último, que comparte as manifestacións realizadas pola concelleira Montserrat Lama respecto á postura do grupo socialista.

O contido íntegro das intervencións transcricas recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e sometido o asunto a votación (producida a man alzada tras fallar o sistema de votación dixital nalgúns dos dispositivos instalados nos micrófonos dos deputados e deputadas da corporación), co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita e o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da base de execución núm. 90 do orzamento xeral da entidade, relativa á contía e forma de pagamento das asignacións aos grupos políticos desta institución provincial, introducindo un novo apartado que recolla a previsión seguinte: “O grupo político prexudicado ou diminuído na súa composición por un caso de tráfugismo político non deberá sufrir mingua institucional ningunha nos medios e asignacións

económicas e administrativas que como tal grupo lle correspondese con anterioridade, manténdose invariable, para os efectos da determinación do compoñente variable da asignación, o número de deputados obtidos pola formación política na convocatoria electoral precedente. No caso de existiren diferenzas económicas entre as entregas a conta mensuais e as cantidades resultantes de aplicar a previsión anterior tras un caso de transfuguismo político, axustaranse estas, de proceder, na liquidación de final de mandato”.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

#### **4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E DUNHA TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE GASTO DE DISTINTAS ÁREAS DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

A interventora xeral da Deputación dá conta do ditame sobre este asunto e do contido da modificación orzamentaria proposta.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que tal e como se manifestou na comisión informativa, estamos ante unha modificación que non ten maior transcendencia, se ben lles gustaría ver desagregados os importes que aparecen na aplicación relativa a diferentes actividades e eventos culturais.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que a conclusión principal desta modificación debe ser que as actividades culturais parece que recuperan e volven á normalidade, polo que todos debemos congratularnos. Sinala tamén a importancia da partida prevista para a obra de execución dunha nova ponte sobre o río Xares no termo municipal do Bolo, que vai a ser cofinanciada por esta Administración, o concello, e a Xunta de Galicia, e na que a CH do Miño Sil se negou a achegar financiamento.

O contido íntegro das intervencións transcritas recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente n.º 3/2022 de modificación de créditos mediante suplementos de crédito e dunha transferencia de créditos entre aplicacións de gasto de distintas áreas do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte detalle:

### **SUPLEMENTOS DE CREDITOS**

<b>APLICACION</b>	<b>DESCRICIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
920.11/227.00	Pazo Provincial. Limpeza e aseo	43.000,00
334.20/489.01	Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias Plan Tarazana	100.000,00
450.12/226.09	Cooperación provincial. Actividades culturais e recreativas	212.000,00
450.12/762.01	Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións. Convenios	51.200,00
<b>TOTAL, SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>		<b>406.200,00</b>

### **RECURSOS UTILIZADOS**

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>406.200,00 €</b>
--	---------------------

Nas bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo VII de gastos que se ve modificado neste expediente, polo que se procede á especificación da aplicación para a que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

#### ***450.12/762.01 “ Cooperación provincial. A concellos. Subv. Convenios”***

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
<b>Concello do Bolo</b>	<b>Reparación da Ponte da Barxa sobre o río</b>	<b>51.200,00 €</b>

	<b>Xares</b>	
--	--------------	--

O expediente de transferencias de créditos entre as aplicacións de gasto do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a distintas áreas, será o seguinte:

<i>Aplicación QUE CEDE o crédito</i>	<i>Descrición</i>	<i>Crédito da aplicación que SE CEDE</i>
334.20/226.17	Actividades culturais e recreativas. Ourenrock Sound	40.000,00 €

<i>Aplicación QUE RECIBE o crédito</i>	<i>Descrición</i>	<i>Crédito da aplicación que SE RECIBE</i>
450.12/226.09	Cooperación provincial. Outras actividades culturais e recreativas	40.000,00 €

Esta modificación non altera a súa contía total, impútase o importe total do crédito a outra partida orzamentaria con diferente nivelación xurídica.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

### **5º.- MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE ASISTENCIA A MUNICIPIOS EN MATERIA DE SERVIZOS DO CICLO HIDRÁULICO DO ANO 2022**

Por parte do secretario xeral dáse lectura ao ditame sobre este asunto.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que o seu grupo vai a votar a favor desta proposta, engadindo que a xestión do ciclo da auga é unha das competencias máis complexas que deben asumir os concellos e que o labor neste caso desta Deputación e de Aquaourense é moi necesaria para prestar a asistencia demandada polos respectivos concellos, especialmente os de menor capacidade. Pide ademais que se valore a posibilidade de que a asistencia técnica poida estenderse tamén ás comunidades de usuarios de auga e non exclusivamente ás EELL.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta o voto favorable do seu grupo.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza felicitando aos responsables da Área de Medio Ambiente polo traballo realizado, que se amosa moi necesario para prestar asistencia ás ELL da nosa provincia. Engade que ante as novas obrigas en materia de xestión do ciclo da auga que van a ter os concellos, o seu grupo propón á Presidencia que nos vindeiros orzamentos provinciais se recollan créditos para axudar aos concellos na súa xestión desta competencia municipal.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sinala que nesta proposta non debe felicitarse só aos técnicos, senón tamén ao presidente de Aquaourense e ao deputado delegado da área. A continuación sinala que esta modificación do programa de cooperación pretende atender ás demandas dos concellos e adaptarse ás novidades lexislativas, tal e como se recolle no expediente administrativo. Engade que as principais razóns para realizar esta modificación antes de que remate o exercicio son, por un lado, a de análise das actas de inspección da autoridade sanitaria dos sistemas de abastecemento municipais, que aconsellan modificar o programa para acadar maior eficacia para o cumprimento da normativa sanitaria, e polo outro, por unha cuestión de oportunidade, que é a inminente entrada en vigor da normativa que pretende reducir as perdas de auga nas redes dos sistemas municipais, polo que se achegan a este programa solucións para detectar fugas e acometidas ilegais. Por último, sinala que o contido pormenorizado das accións e os prezos figuran detallados na proposta e no ditame, e que se agarda que esta modificación entre en vigor no mes de xullo do actual ano.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do actual Programa provincial de asistencia ás EE LL para a xestión de servizos do ciclo da auga para o 2022 (publicado no BOP n.º 26, do 2 de febreiro de 2022), do seguinte xeito:

a) Modificar a actual acción A34.- *Modificación de protocolos de autocontrol e xestión (PAX) de abastecementos de auga de consumo*, ampliando o seu contido e pasando a denominarse A-34 Seguimento do protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento de auga de consumo (PAX).

- **Contido:** control sobre o cumprimento real do recollido no PAX que o concello teña, control mensual do correcto rexistro de parámetros e incidencias recollidos no PAX, así como a rápida corrección das non conformidades, revisión das instalacións consensuando e supervisando o mantemento preventivo e correctivo, a asunción no SINAC do rol de “organismo gravador” para responsabilizarnos do mantemento ao día da información subida, e finalmente a realización das modificacións do PAX que resultasen pertinentes.
- **Prezo:** 1.775,00 €/ano (máis IVE)

b) Incluir a acción A-38 Inspección e auscultación de redes de distribución de auga.

- **Contido:** inclúe a inspección xeral e pormenorizada das redes de distribución de xeito periódico, localizando ata pequenas fugas e acometidas ilegais, permitindo unha xestión activa (proponendo reparacións, substitucións, sectorizacións etcétera) nas redes municipais de distribución. Isto inclúe dúas campañas anuais con ata cinco xornadas (diúrnas ou nocturnas)
- **Prezo:** 2.040,00 €/ano (máis o IVE)

c) Incluir a acción A-39 Formación continua para o persoal das AA LL destinados ao mantemento dos servizos do ciclo da auga.

- **Contido:** inclúe a matrícula para dous traballadores municipais, nun curso en liña e modular, de formación en temas básicos de xestión de servizos de abastecemento, dividida en 4 módulos a superar consecutivamente (a módulo por ano), consonte ás esixencias do Plan de Formación para os PAX da Autoridade Sanitaria.
- **Prezo:** 388,00 €/ano (mais o IVE).

d) Incluir a acción A-40 (nova) Realización de auditorías dos sistemas de abastecemento municipais, xestionados de forma directa.

- Consistirá na redacción do documento Auditoría do sistema municipal de abastecemento (consonte coas directrices de Augas de Galicia para estes documentos) e do Plan de acción para mellora da eficiencia do sistema, o que leva implícito:
  - Labores de campo: recollida de datos, revisión de datos e consenso de propostas, reunións co persoal técnico e de mantemento, así como cos responsables políticos do servizo.
  - Traballo de gabinete: revisión e realización de planos, cálculos e determinacións, realización de fichas das instalacións, ..., e redacción do documento de Auditoría.
  - Plan de acción, coas melloras propostas (e consensuadas), detalle destas, avaliación e cronograma de implantación.
- **Prezo:** 4.770,00 € (máis o IVE)

2º.- Someter a información pública, por prazo de dez días hábiles, este acordo de aprobación inicial, mediante un anuncio na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. As reclamacións ou alegacións que se formulen no dito prazo serán resoltas polo Pleno da Corporación. No caso de non formularse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á súa publicación, sen prexuízo da súa inmediata entrada en vigor.

## **6º.- MOCIÓN DO BNG EN APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.**

Prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Procede a dar lectura á moción, que xa foi levada ao Parlamento Galego, e que pretende apoiar a iniciativa legislativa popular formulada pola Asociación de Montes Veciñais en Man común. Sinala que os montes veciñais en man común ocupan un cuarto do territorio galego. Conforman unha titularidade singular de Galiza dado o seu carácter de titularidade xermánica. Están xestionados pola veciñanza comuneira entendida non como ente administrativo, senón como grupo social. A posta en valor dos montes veciñais en man común deben levarse adiante de xeito multifuncional e sustentable. É dicir, conxugando territorio, persoas e goberno. O funcionamento asembleario e democrático das comunidades de montes

encaixa perfectamente nestes postulados. Organismos internacionais como a ONU ou a FAO manifestan que o futuro dos montes pasa por avanzar cara a unha tenencia máis xusta destes territorios evitando a acaparáción destes en poucas mans e dando protagonismo aos titulares dos montes. Estas exposicións veñen sendo reais nos montes veciñais galegos dende tempos inmemoriais. Os montes veciñais en man común son e deben seguir sendo espazos abertos. As súas funcións sociais, medioambientais e culturais deben beneficiar á sociedade galega no seu conxunto. Malia todo o exposto, dende hai unha década estanse modificando diversos artigos da Lei de montes veciñais e da Lei de montes de Galiza e promulgando leis colaterais (lei de simplificación administrativa, lei de fomento empresarial) que teñen por obxectivo sacarlle á veciñanza comuneira a xestión das súas terras para entregarllas a terceiros. Está previsto tamén a modificación da lei de montes veciñais actualmente vixente, co obxectivo de desnaturalizar os montes veciñais eliminando a súa característica titularidade xermánica para convertelos en titularidades de carácter privado. Por estas razóns a comisión promotora da ILP- lei de montes veciñais man común está promovendo mediante unha iniciativa lexislativa popular que se terán como liñas fundamentais as seguintes:

- Reforzar o carácter xermánico da titularidade veciñal e recoñecer a titularidade veciñal como unha máis das titularidades públicas e privadas.
- Considerar os aproveitamentos e usos dos montes veciñais como aproveitamentos e usos dos montes veciñais.
- Acadar un monte veciñal multifuncional e sustentable ao servizo da veciñanza comuneira e da sociedade no seu conxunto.
- Recoñecer os montes veciñais como unha figura de protección medioambiental e cultural en si mesmos.

Baseándose nisto, propóñense os seguintes acordos ao Pleno da Deputación provincial de Ourense: 1. Instar á Xunta de Galiza a reforzar o carácter xermánico da titularidade veciñal e recoñecer a titularidade veciñal como unha máis das titularidades públicas e privadas. 2. Instar á Xunta de Galiza a considerar como aproveitamentos e usos actuais dos montes veciñais todos os que neles se dan. 3. Instar á Xunta de Galiza a acadar un monte veciñal multifuncional e sustentable ao servizo da veciñanza comuneira e da sociedade no seu conxunto. 4. Instar á Xunta de

Galiza a recoñecer os montes veciñais como unha figura de protección medioambiental e cultural en si mesmos. 5. A Corporación Provincial de Ourense amosa o seu apoio á Iniciativa Lexislativa Popular-Lei de montes veciñais en man común.

Como último apuntamento, e para que vexamos a súa importancia na nosa provincia, sinala que na nosa provincia contamos coa metade dos montes veciñais en man común de toda Galicia e estes ocupan bastante máis da metade da superficie forestal de toda a provincia.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala que “territorio, persoas e goberno”, son as tres palabras que deben conxugarse conxuntamente para a defensa e posta en valor desta moción, indicando que non ten moito máis que engadir e que votará a favor da moción.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para manifestar o apoio do seu grupo a esta moción.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que debemos ter en conta en primeiro lugar a antigüidade da normativa vixente na nosa CA, que data do ano 1989, e que se tratou dunha lei aprobada pola unanimidade de todo o arco parlamentario. En todo caso esta lei necesita unhas adaptacións polos cambios sociais producidos e polas vagas de lumes sufridas, especialmente a do ano 2017. Manifesta, así mesmo, o apoio do grupo socialista a esta figura de propiedade común como institución. Respecto das propostas de acordo que recolle esta iniciativa política, sinala respecto dos puntos 1 e 2 que estamos ante unha propiedade privada e colectiva, polo que debe potenciarse o seu carácter de propiedade xermánica e o seu carácter de bens inalienables, imprescriptibles e inenbargables. Respecto ao punto 3 sinala que, en canto ás súas funcións de sustentabilidade e funcionalidade xa son requisitos de obrigado cumprimento se temos en conta a restante lexislación sectorial, tanto autonómica, como estatal, como da UE. Sobre o punto 4 matiza que o Partido Socialista presentou unha iniciativa no Parlamento Galego para a creación dos consellos de montes veciñais en man común, como órgano consultivo da administración forestal, con anterioridade á tramitación da lei, e que o PP votou en contra desta.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza manifestando que unha vez máis volven a estar de acordo co BNG, polo menos no substancial. Engade en que estamos ante un asunto de moita importancia, sobre todo no rural galego e ourensán. Sinala que o goberno galego xa está traballando nunha nova normativa para actualizar e adaptar a normativa vixente

ás novas circunstancias sociais e medioambientais, modificación que está prevista xa na revisión do plan forestal de Galicia do 2021, en dous eixos estratéxicos, eixo 3 de xestión forestal e loita contra o abandono e no eixo 6 sobre planificación, ordenación e goberno do monte galego. Ademais, a recomendación de modificación desta lexislación consta igualmente na recomendación núm. 53 do ditame da comisión forestal aprobado no Parlamento de Galicia no ano 2018. Polo tanto, como veciño e como alcalde dun pequeno concello e como representante deste goberno provincial, entendemos que debemos apoiar unha modificación e actualización da lei, mediante un proceso o máis participativo posible, e lembra que o trámite de consulta pública da modificación da lei xa se realizou, contándose un total de 59 achegas e agora vaise a editar un libro branco con todas elas para que o sector poida expresar a súa opinión sobre todas. Remata indicando que se precisa da máis ampla participación e consenso para a nova norma tendente a protexer a institución dos montes veciñais en man común, matizando que chama a atención a presentación dunha iniciativa lexislativa popular co trámite da nova lei xa iniciado, e que esta parece obedecer a cuestións meramente políticas.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza reiterando a importancia dos montes veciñais en man común desde o punto de vista ambiental e tamén socio económico. Ademais existe unha ameaza para estes montes, cando ben podería ser unha oportunidade, e que son os aproveitamentos enerxéticos, xa que moitos dos parques eólicos existentes e proxectados da nosa CA se emprazan en montes veciñais en man común. Deste xeito sinala que debe ser innegociable a posibilidade de expropiación dese uso enerxético por parte de privados, xa que deixaría ás comunidades con moi pouca marxe de negociación e non sería nada xusto. Engade que nos últimos trinta anos ten mudado moito a idiosincrasia do noso territorio, en particular do rural, con elevadas taxas de abandono, e semella lóxico darlle unha volta á xestión do territorio, pero sempre priorizando os intereses dos comeneiros por enriba doutros intereses. Remata agradecendo o voto favorable dos restantes grupos a esta moción.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza manifestando a súa comprensión polas inxerencias dos comeneiros ante unha nova lexislación, se ben manifesta respecto das propostas de acordo da moción, que entenden que todas elas están garantidas pola lexislación estatal e comunitaria. Engade que o problema se está a dar nos terreos abandonados e que deixan de estar xestionados polos comeneiros, e onde a administración autonómica non é capaz de xestionar estes terreos. Engade que a modificación é necesaria, xa

que a nosa sociedade mudou tamén nestes anos, e remata manifestando en todo caso o voto favorable do grupo socialista a esta moción.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Volve a insistir no apoio do seu grupo a unha nova lexislación e na importancia dun proceso participativo para a súa elaboración e contribuír así á loita contra o abandono do monte. Esta figura precisa dunha lexislación acorde aos novos tempos e á nosa sociedade, polo que a modificación lexislativa debe perseguir unha xestión eficaz dos montes veciñais e por extensión do monte galego, lembrando que esta institución forma parte do noso legado e da nosa cultura e cumpren funcións medio ambientais, socio económicas e ata sociais. Por todas estas razóns, anuncia o voto favorable do grupo popular a esta iniciativa política.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Agradece o apoio de todos os grupos a esta moción, engadindo que a mellor forma de protexer o noso monte é precisamente a súa posta en valor, e garantindo que sexan os comuneiros os que poidan xestionar os montes sempre tendo presente o interese xeral e o territorio galego no seu conxunto.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza a reforzar o carácter xermánico da titularidade veciñal e recoñecer a titularidade veciñal como unha máis das titularidades públicas e privadas.
2. Instar á Xunta de Galiza a considerar como aproveitamentos e usos actuais dos montes veciñais todos os que neles se dan.
3. Instar á Xunta de Galiza a acadar un monte veciñal multifuncional e sustentable ao servizo da veciñanza comuneira e da sociedade no seu conxunto.
4. Instar á Xunta de Galiza a recoñecer os montes veciñais como unha figura de protección medioambiental e cultural en si mesmos.
5. A Corporación Provincial de Ourense amosa o seu apoio á Iniciativa Lexislativa Popular-Lei de montes veciñais en man común.

## **7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE DE ICTUS NO CHUO E MELLORA DO TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DOS PACIENTES.-**

Prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): A palabra ictus é un termo latino que se refire aos golpes ou acentos rítmicos cos que se medían os versos, aplicándose en medicina para referirse a ataques ou lesións súbitas nos vasos sanguíneos do Sistema Nervioso Central (SNC). A Organización Mundial da Saúde (OMS) define aos ictus como “aquelas perturbacións da función cerebral que poden ser focais ou globais e que teñen como característica unha progresión rápida de signos clínicos cunha duración de 24 horas ou máis e como resultado final provocar a morte”. Esta enfermidade cerebrovascular afecta de xeito brusco ás arterias do SNC, ben por hemorraxia (ictus hemodinámico que afecta aprox. ao 25% dos casos) ou ben por oclusión (ictus isquémico que afecta en torno ao 75% dos casos), producindo unha disfunción cerebral focal debido á diminución da perfusión cerebral, podendo ocasionar morte celular se non se restablece con rapidez a presión de perfusión sanguínea e o osíxeno na área infartada. Trátase, polo tanto, dunha enfermidade “tempo-dependente”. O trastorno ocasiona unha acusada morbilidade, que se manifesta dos seguintes xeitos: a) dúas semanas despois do ictus, máis do 60% dos pacientes precisa axuda para realizar as actividades básicas da vida diaria, b) arredor do 70%-80% presenta hemiparesia e problemas de deambulación, c) entre un 60% e un 70% amosan algún tipo de déficit visual, o 55% disartria, e) o 10%-30% afasia, f) o 15%-35% disfaxia, e g) ao redor dun 10%- 20% alteracións da memoria recente.

A OMS subliña que a enfermidade cerebrovascular constitúe un importante problema de saúde pública, representando a terceira causa de morte nos países desenvolvidos, situándose por tras das cardiopatías isquémicas e o cancro, e a primeira causa de invalidez en adultos. En España é a primeira causa de mortalidade en mulleres, e a segunda en homes, manifestándose en 100.000 novos casos ao ano. Segundo datos da Sociedade Española de Neuroloxía recollidos no Plan Ictus de Galicia (2016), na nosa comunidade prodúcense ao redor de 7.000 novos casos de ictus anuais, e ocupa o terceiro lugar no propio Plan de prioridades da Consellería de Sanidade porque: a) é a primeira causa de mortalidade en Galicia (primeira en mulleres e segunda en homes), así como a primeira causa de incapacidade permanente na idade adulta; b) ocupa o sétimo lugar entre as patoloxías que causan máis anos de esperanza de vida perdidos, e tamén se sitúa no sétimo lugar entre as causas de morbilidade hospitalaria. Estas circunstancias conduciron a que a denominada *Estratexia Sergas 2020* considerase ao ictus como un problema prioritario. A idade é o

factor de risco máis importante, aínda que sería erróneo considerar que o ictus ocorre de forma exclusiva en persoas maiores. En calquera caso, a partir dos 55 anos, a posibilidade de sufrilo dóbrase cada década que pasa. A provincia de Ourense foi no 2021 a segunda máis avellentada de España (media de idade de 50,97 anos, só por tras de Zamora con 51,06 anos), e unha das que ten unha media de idade máis elevada de Europa e do mundo. Segundo o INE, o 1 de xaneiro de 2021 a poboación da provincia era de 305.223 habitantes, e a da cidade de 104.596, cunha perda provincial total de 40.000 habitantes nas dúas últimas décadas, e unha tendencia sostida á fuga de xente moza e ao conseguinte aumento das persoas con idade avanzada, situando na franxa de idade por enriba dos 60 anos ao 37 % da nosa xente. Neste contexto de declive sociodemográfico, a suma de factores como a elevada prevalencia de enfermidades crónicas, a saturación dunha atención primaria con escasos recursos, a existencia dunha xerencia da área sanitaria de Ourense centrada no curto prazo e na redución do gasto, e o escaso soporte extra-hospitalario, dan lugar a unha bomba de relojería na que os casos de ictus constitúen un dos detonadores máis explosivos polas súas consecuencias de mortalidade, morbilidad e xeración de incapacidade. Os datos da nosa provincia no ano 2020, a pesar de que a pandemia reduciu as urxencias, os ictus afectaron a máis de 200 ourensáns, sendo unha enfermidade que vai a máis, tal e como manifestan os neurólogos do CHUO. Máis de 50 pacientes foron trasladados a Vigo ante a imposibilidade de poder tratalo en Ourense, cifra que tamén sigue en aumento e que se duplicou no último ano. En tal tesitura, a desigualdade respecto das demais provincias é un feito particularmente lacerante: a provincia de Pontevedra ten unha unidade de ictus, a da Coruña dúas (unha na Coruña e outra en Santiago), e Lugo dispón, polo menos, dun servizo de atención continuada en ictus, e mantense en loita dende hai tempo para lograr a unidade de ictus en sentido estrito. Pola contra, Ourense carece de servizo especializado en ictus de atención continuada, e, obviamente, de unidade de ictus. Cando se sospeita que unha persoa sofre dun ictus no rural da nosa provincia, ela por si mesma ou na compañía da súa familia e/ou achegados acoden ao centro de atención primaria ou ao Punto de Atención Continuada (PAC) máis próximo, onde a aplicación do denominado “código ictus” non sempre é acaída, debido a eivas de formación especializada e/ou carencia de recursos tecnolóxicos. Cando se aplica o dito código correctamente, o posible paciente é derivado as urxencias do CHUO, nas que se carece de neurólogo dedicado especificamente a atender aos casos de ictus, a diferenza do que ocorre, por exemplo, en Lugo, que ten un neurólogo

contratado as 24 horas do día dos 365 días do ano (tal e como se avanzou ao referirmos á existencia dun servizo de atención continuada para os casos de ictus nesta provincia). Maior risco corren os pacientes potenciais das áreas de Valdeorras ou Verín, se teñen que seren trasladados a Ourense, e, en definitiva, todos os pacientes da nosa provincia en caso de precisar o seu traslado aos hospitais que dispoñen de unidades de ictus noutras provincias da nosa comunidade autónoma. Esta situación inxusta por discriminatoria, e inxustificada polos factores de risco vital aos que dá lugar, debe rematar axiña, e Ourense ter a unidade de ictus que por xustiza merecemos. A unidade de ictus é o recurso máis eficiente para o tratamento da fase aguda do ictus. Estudos aleatorios e metaanálise demostran cun nivel de evidencia 1 a eficacia das unidades de ictus na redución da mortalidade, dependencia e necesidade de coidados institucionais en pacientes con ictus, diminuindo a posibilidade de complicacións sistémicas e neurolóxicas. O beneficio observado é independente da idade, sexo e gravidade do déficit neurolóxico de ingreso, e resulta similar para os distintos subtipos etiolóxicos de ictus. A este respecto, as evidencias clínicas sinaladas no “Plan de Atención Sanitaria ao Ictus” do “Grupo de Estudio de Enfermedades Cerebrovasculares de la S.E.N.” indican que: a) a intervención de neurólogos/as con experiencia en danos cerebrovasculares mellora a evolución dos pacientes con ictus e reduce os custes do proceso asistencial, b) un paciente que ingresa nunha unidade de ictus diminúe a súa posibilidade de mortalidade nun 17 %, a de dependencia adquirida nun 25 %, e ten 2.5 veces máis probabilidades de conseguir unha boa evolución tras a alta médica como resultado da detección precoz das complicacións, así como dunha rápida intervención terapéutica antes de que se tornen sintomáticas ou alcancen un maior desenvolvemento, e d) a avaliación de pacientes con ictus por persoal de neuroloxía especializado en ictus nas primeiras 6 horas asociase a 5 veces menos risco de mala evolución, reducindo de forma estatisticamente significativa a mortalidade e as complicacións intra-hospitalarias e a probabilidade de sufrir unha recorrencia vascular. Polo tanto, resultan evidentes os beneficios que producen para os pacientes cando reciben atención neurolóxica precoz e especializada, e tamén teñen sido claramente demostradas as vantaxes de organizar os coidados médicos e de enfermería nas unidades de ictus. O obxectivo ideal na atención ao ictus é conseguir que todos/as os/as pacientes poidan ser atendidos/as precozmente por un/unha neurólogo/a, e aqueles/as que o requiran poidan beneficiarse de ingresar nunha unidade de ictus. Lamentablemente no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense a realidade é moi

diferente, pois a maioría dos e das pacientes son atendidos/as por facultativos non neurólogos/as ou por neurólogos/as sen adestramento específico no tratamento do ictus. Un factor limitante adicional a ter en conta para o adecuado tratamento do ictus é o atraso na chegada ao hospital, que se engade ás deficiencias no recoñecemento temperán, ao posterior manexo pre-hospitalario e ao transporte de pacientes que sofren un ictus agudo na nosa provincia, onde non existe un protocolo adaptado á realidade da provincia de Ourense que se caracteriza pola dispersión xeográfica poboacional. En consecuencia, é prioritario mellorar o transporte sanitario urxente dos pacientes con sospeita de ictus ao CHUO, de xeito que accedan á unidade de ictus en menos dunha hora dende calquera punto da provincia. Logo será o momento de que interveña unha unidade de ictus que realice unha abordaxe multidisciplinar na que colaboren nas primeiras horas co/coa neurólogo/a os servizos de emerxencia do CHUO e de toda a provincia, o servizo de radioloxía xeral e radioloxía intervencionista, medicina intensiva, anestesia e reanimación, cardioloxía, rehabilitación e cirurxía vascular, así como durante o ingreso -e de xeito diferido- os servizos de hematoloxía, medicina interna, pneumoloxía, nefroloxía, endocrinoloxía e asistencia social. Os especialistas médicos sinalan, a s í m e s m o , que a unidade de ictus como unidade de coidados críticos intermedios debe contar con monitorización continua non invasiva e estar dotada de persoal de enfermería debidamente formado, recomendándose dispor dunha cama monitorizada na unidade de ictus por cada 100.000 habitantes, polo que Ourense debería ter catro camas monitorizadas no CHUO. Finalmente, o funcionamento da unidade de ictus debe contar cun departamento de auditoría e calidade para controlar o axeitado funcionamento desta, facilitando a aprendizaxe continua e reducindo a posibilidade de reiterar erros. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a crear, con urxencia, unha unidade de ictus no CHUO. 2. Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a mellorar o transporte sanitario urxente dos pacientes sitos na xeografía de Ourense con sospeita de ictus ao CHUO para que accedan á futura unidade de ictus en menos dunha hora dende calquera punto da provincia.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza a súa intervención sinalando que o 12 de maio se celebrou unha xornada sobre a realidade do paciente neurolóxico en Ourense, onde especialistas de dano neurolóxico reclamaban unha unidade de ictus en Ourense. Esta carencia foi denunciada pola xefa da unidade de neuroloxía, Ana Pastor, reivindicación á que

se sumaron outros profesionais sanitarios, indicando que faltan recursos en Ourense. Esta petición está feita desde hai moito tempo tanto ao xerente da área sanitaria como ao propio conselleiro de Sanidade, polo que con esta proposta debemos pedir celeridade na solución desta carencia. Anuncia o voto favorable a esta moción.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Amosa o seu total apoio a esta moción do grupo socialista e pide e agarda que desde a Consellería de Sanidade se teña en consideración esta proposta, que debера saír por unanimidade, por ser algo necesario e xusto, e que debера ser implementado o máis axiña posible.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que pouco máis hai que engadir sobre este asunto, xa que coinciden co dito sobre a importancia desta problemática, manifestando que o voto do seu grupo vai ser a favor.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza describindo novamente a doenza descrita, se ben matiza que non todo nesta provincia é deserto ou catastrofismo. Por razóns de equidade, é certo que debemos estar en situación de igualdade nesta provincia, pero debe saberse que esta decisión xa está adoptada e estase a traballar para poñer en funcionamento esta unidade, e isto é o que se lle traslada tanto desde a Consellería como desde a Xerencia. Engade que ao tratarse dunha unidade interdisciplinar, estase a traballar na súa configuración, e actualmente estase coa fase de formación de profesionais sanitarios, e a adquisición de equipamento atópase en fase de licitación, e así, cando se poña en funcionamento imos ter unha unidade avanzada e pioneira. Lembra ademais que o SERGAS conta desde hai anos cun plan de atención do ictus para toda a CA de Galicia, incluído Ourense, e existen efectivamente tres unidades de ictus pero tamén seis equipos de ictus, un deles en Ourense. Reitera que, sen prexuízo desta reivindicación, non debemos ser catastrofistas. Sobre a reivindicación da mellora do transporte sanitario e urxente sinala que xa hai estudos continuos para saber cal é a rede máis axeitada para ese transporte urxente. Remata indicando que por razóns de equidade sanitaria van apoiar esta moción, pero sinala que non debemos ser tan catastrofistas.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza agradecendo o voto favorable de todos os grupos a esta moción, e sinala que non pretende para nada ser catastrofista, pero é que parece que Ourense ás veces non é Galicia, tal e como sinalaron recentemente Paula Prado ou Miguel Tellado, e neste caso parece que as unidades de ictus chegaron a Galicia, pero non a Ourense. A continuación sinala que a falta de recursos da

sanidade nesta provincia non é catastrofismo, é unha realidade, e esta provincia non pode ser atendida por un neurólogo por internet, xa que precisamos da atención debida.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando que non se debe falar nun salón de plenos de experiencias persoais ou de malas praxes. Matiza que non estamos mellor que ninguén nesta provincia, pero tampouco peor, e que non debemos ser catastrofistas porque non todo é deserto como explicou na súa anterior intervención.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que a afirmación do voceiro popular de que nesta provincia non estamos peor que os demais é insultante, porque si hai unidades de ictus na Coruña, Santiago e Vigo, e neurólogo 24 horas en Lugo, e aquí non temos nin neurólogo especialista, pois a verdade e que queda moi claro, e iso parece non querer ver a realidade. Engade que das doce ambulancias medicalizadas que hai en Galicia, só hai unha en Ourense, mentres que en Lugo hai tres, e conclúe indicando que o que temos que facer é defender a nosa provincia e non a un partido político.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a crear, con urxencia, unha unidade de ictus no CHUO.
2. Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a mellorar o transporte sanitario urxente dos pacientes sitos na xeografía de Ourense con sospeita de ictus ao CHUO para que accedan á futura unidade de ictus en menos dunha hora dende calquera punto da provincia.

## **8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN EN OURENSE DA SEGUNDA FACULTADE DE MEDICINA DE GALICIA.-**

Prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Elvira Lama (PS de G-PSOE): Desde hai lustros asistimos a unha sucesión de queixas da comunidade sanitaria e dos usuarios e usuarias, ao respecto da constante falta de persoal nos centros de atención primaria e nos complexos hospitalarios públicos de Galicia, unha situación agravada ultimamente por diversos factores como a pandemia, o despoboamento ou o crecemento do sector privado sanitario.

De feito, estamos a observar como, nos últimos anos, a administración se ve obrigada a recorrer a procedementos extraordinarios de contratación ou a gratificacións á marxe da nómina, para poder dotar de persoal a servizos e especialidades con vacantes prolongadas. Unha das evidencias máis rotundas sobre o problema de falta de médicos e médicas foi a modificación da Lei galega de saúde para eximir do requisito de nacionalidade, co fin de que os/as médicos e médicas de fóra da Unión Europea, poidan acceder a prazas de persoal estatutario do sistema. Isto é unha rara excepción no acceso ao emprego público, xa que, para todos os postos públicos, o requisito de nacionalidade comunitaria é obrigado. Deste xeito as administracións públicas sanitarias e, nomeadamente, o Servizo Galego de Saúde, recoñece serios problemas para resolver as necesidades de persoal. De feito, Galicia é a terceira peor comunidade autónoma de España en ratio de médicos e médicas por habitante: aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes, estando a media española en 480, segundo os datos ofrecidos polo Consello Xeral de Colexios Médicos de España. Estas cifras son preocupantes e moi reveladores porque, a pesar de que existe moita demanda formativa neste ámbito, os responsables da oferta de estudos e da regulación dos recursos humanos na sanidade pública da nosa comunidade non son capaces de ofrecelas en calidade e cantidade. Os estudos superiores de Ciencias da Saúde e, nomeadamente os de Medicina, rexistraron o pasado curso unha taxa de ocupación media superior ao 90% en todas as comunidades autónomas. Nalgunhas como Galicia, Murcia, Cataluña ou Euskadi incluso superaron o 100%. Ademais, na última década, Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR (Médico Interno Residente) e non se fixo, perdendo a oportunidade de xerar unha maior bolsa de profesionais para nutrir ao sistema. Nos últimos dous anos déronse, sucesivamente, as maiores convocatorias históricas de prazas MIR para toda España; tamén para Galicia. Esta avultada convocatoria tamén o foi en termos numéricos para medicina familiar e comunitaria e para a Pediatría en atención primaria, algunhas das especialidades con maiores problemas de cobertura. Un dos tapóns que, repetidamente, dificulta a cobertura de prazas é a formación. Galicia é a comunidade autónoma con peor ratio de facultades de Medicina por millón de habitantes. A pesar de ser a quinta rexión máis poboada do Estado, con 2,7 millóns de habitantes, só conta cun centro universitario que imparte estes estudos. En contraposición, outras comunidades menos poboadas como Castela e León (2,2 millóns), Illas Canarias (2,2 millóns), Castela-A Mancha (2

millóns), Murcia (1,5 millóns) ou Aragón (1,3 millóns) contan con, polo menos, dúas facultades cada unha delas. Mesmo Navarra, con só 600.000 habitantes, ten ata tres facultades de Medicina concentradas nunha soa cidade. Recorrentemente os e as socialistas observamos, con fonda preocupación, as manifestacións e queixas públicas do persoal sanitario, nomeadamente dos/as médicos e médicas, sobre esta “alarmante” falta de novo persoal e sobre irregularidades na cobertura de postos vacantes, situacións que están a afectar a todo tipo de servizos, tanto na atención primaria como na atención especializada nos hospitais. Na provincia de Ourense coñecemos ben estes problemas que afectan especialmente aos hospitais de Valdeorras e Verín e numerosos consultorios rurais de atención primaria. Unha situación que, segundo os expertos, se agravará nos próximos anos, xa que, por exemplo, a idade media dun de cada cinco médicos de atención primaria en activo é de 65 anos. En cifras concretas: 433 médicos ou médicas dos centros de saúde superan xa a idade de xubilación ou superarán esa situación antes de que acabe este ano, sobre un total de 2.187 que prestan servizos nos ambulatorios galegos. Que falta persoal médico é algo tan evidente, que incluso é un problema recoñecido publicamente polos directivos da Xunta de Galicia. A directora xeral de Recursos Humanos de Sanidade, Ana Comesaña, declarou recentemente nos medios: “creo que si faltan médicos, formamos a máis residentes que prazas de Medicina hai en Galicia”. É dicir: a máxima responsable da xestión do persoal tamén ten claro que é necesaria ampliar considerablemente a oferta docente neste ámbito. Na mesma entrevista, Comesaña tamén afirmou que “animaba a fuxir de localismos sanitarios”, unhas declaracións evidentemente relacionadas coas loitas entre os complexos hospitalarios do Eixo Atlántico ou polas liortas, principalmente entre A Coruña e Vigo, cada vez que se abre o debate público sobre a creación dunha necesaria segunda facultade que forme persoal médico en Galicia. A sanidade galega afronta un problema colosal: xubilacións masivas, falta de novos/as médicos e médicas e incontables prazas sen cubrir. Se non queremos atoparnos cun problema inasumible e case irreversible, que poña máis en risco a prestación de servizos sanitarios básicos e de calidade no noso sistema público, hai que actuar de inmediato. E iso, entre outras propostas, pasa irremediabilmente por formar máis médicos e médicas. A creación dunha segunda facultade de Medicina suporía unha gran oportunidade para paliar este problema de cobertura; para reforzar a educación e a sanidade como piares do estado de benestar e para potenciar sinerxias que sitúen á nosa provincia, moi necesidade de

investimentos que permitan darlle a volta á brutal desfeita demográfica na que está sumida desde hai medio século, e para impulsar no interior galego un novo polo de investigación no campo da medicina ou a biotecnoloxía. Por iso, unha forma clara de evitar pelexas innecesarias que prexudican a toda Galicia e de desbloquear a necesaria creación dun segundo centro universitario que imparta estudos de Medicina, sería acordar a súa localización en Ourense. Desde o PSdeG-PSOE cremos que, actualmente, o adecuado sería sumar 75 prazas á actual oferta universitaria destes estudos en Galicia, suplindo así o problema de oferta de prazas e de novos/as titulados e tituladas, ao contar unicamente cun centro docente en Santiago de Compostela, que está saturado desde hai bastantes anos. Concretamente, cremos que este grao debería impartirse nunha nova facultade de Ciencias da Saúde situada na contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, onde hai espazo e terreos aptos para levantar unha nova edificación con estes usos. Actualmente no complexo hospitalario ourensá estase a impartir formación para o grao de Enfermería, para alumnos e alumnas de sexto curso do grao de Medicina e a dos/as médicos e médicas internos/as residentes. Neste centro tamén se están a desenvolver actualmente proxectos de investigación sanitaria. Con esta decisión gañaríamos todos e todas: a sociedade galega en xeral e a provincia de Ourense en particular, xa que permitiría alcanzar niveis de formación similares aos da media nacional neste ámbito, así como cubrir as importantes demandas de persoal dun dos piares básicos da nosa democracia como é a sanidade pública. A creación destes estudos debería acordarse baseándose en criterios científicos, pensando sempre no interese xeral e sabendo da necesidade que existe de fortalecer a educación no ámbito sanitario e a creación de novas prazas de atención nos centros sanitarios. Á súa vez, a nosa provincia necesita impulsar a súa actividade económica e esta nova facultade de Ciencias da Saúde sería un destacado pulo, xa que, ademais da propia formación, permitiría crear sinerxias económicas e sociais coa nosa contorna. No ano 2015, os daquela reitores das universidades de Vigo e A Coruña renunciaron seguir a reclamar unha facultade de Medicina propia. A cambio, a Universidade de Santiago accedeu a ‘descentralizar’ noutras cidades galegas a docencia clínica, un período que abarca todo o sexto curso e unhas semanas do cuarto e do quinto. Mais, sete anos despois, queda claro que esta solución non é a máis óptima, xa que os problemas de cobertura de persoal cada vez son peores e a facultade compostelá segue saturada. A idade media de moitos profesionais sanitarios é elevada, polo que urxe estar preparados para o importante reto

dunha substitución xeracional masiva, mediante o reforzo continuado de prazas MIR, atendendo ás especialidades que presentan máis necesidades e tamén co incremento de prazas universitarias. Por iso, a creación destes novos estudos permitiría incrementar o número de profesionais formados en Galicia, e iso, xunto co aumento de prazas MIR, faría posible unha mellor planificación das necesidades de persoal. Tamén permitiría unha mellor xestión dos recursos humanos e, polo tanto, unha mellora na prestación dos servizos e da satisfacción dos/as empregados e empregadas públicos/as no contexto da consolidación para paliar a temporalidade que está en marcha actualmente. Os e as representantes públicos/as temos a obriga de ofrecer solucións ao conxunto da sociedade e dar resposta eficiente á elevada demanda destes estudos e a crecente necesidade de profesionais da medicina, son obxectivos nucleares desta proposta. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Xunta de Galicia á creación en Ourense, na contorna do Hospital Universitario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), da segunda facultade de Medicina de Galicia, co fin de incrementar o número de profesionais formados na nosa comunidade autónoma, para facer posible, xunto co aumento de prazas MIR, dunha mellor planificación e cobertura das necesidades de persoal actuais e dos próximos anos. 2. Instar ás institucións que forman parte do Sistema Universitario de Galicia (SUG) a evitar disputas innecesarias sobre a creación dunha segunda facultade de Medicina na nosa comunidade, optando por establecer este necesario centro na contorna do Hospital Universitario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), para facer posible, xunto co aumento de prazas MIR, dunha mellor planificación e cobertura das necesidades de persoal actuais e dos próximos anos. 3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a defender e participar, mediante a colaboración económica ou patrimonial de calquera natureza que sexa necesaria, a creación da segunda facultade de Medicina de Galicia na contorna do Hospital Universitario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), co fin de incrementar o número de profesionais formados na nosa comunidade autónoma, para facer posible, xunto co aumento de prazas MIR, dunha mellor planificación e cobertura das necesidades de persoal actuais e futuras. Unha decisión que tamén axudaría a resolver os problemas demográficos e económicos da nosa provincia.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Indica que, aínda que pareza un pouco ambiguo o seu posicionamento, non considera necesaria esa segunda facultade de Medicina

en Galicia, pero non por iso está en contra de que se emprazase en Ourense, pero que considera que aí non está a causa do problema da falla de médicos. Engade que todos sabemos que a solución ten que vir desde o Goberno central de Madrid e desde o SERGAS, e que unha hipotética facultade de Medicina en Ourense ou noutra cidade non solucionaría o problema real da falta de médicos e de especialistas. Sen prexuízo do indicado, manifesta o seu voto favorable a esta moción.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Entende que se vai a quedar só no seu posicionamento, xa que o BNG non vai apoiar esta moción, por entender que hai un erro claro na diagnose. Pidamos todas as facultades do mundo para Ourense, que mal non estará, pero o problema de fondo é que estamos desviando o tiro. Cada ano saen arredor de 8000 titulados MIR en España, de entre 12.000 candidatos. O problema non é de titulados ou licenciados, senón de falta de formación para médicos interno-residentes agravado ademais pola falta actual de médicos formadores. O problema real é que en Galicia tivemos nove prazas MIR de medicina de familia que ninguén colleu porque non lle interesaba, e dos once MIR que remataron en Compostela, só dous optan a quedarse en atención primaria, dos vinte e tres en Vigo só dez, dos dezaioito da Coruña só sete, dos once de Ourense só dous, dos dez de Lugo cinco e dos cinco de Ferrol só tres dos que fixeron esta formación. Sinala que á data de hoxe temos unha situación crítica na sanidade pública galega, con agardas de semanas para citas en atención primaria o que leva consigo o colapso das urxencias. Este problema vai a verse agravado nos vindeiros anos coas xubilacións no persoal sanitario, e mentres a Xunta mantén un gasto en atención primaria inferior á media estatal nunha CA avellentada como é a nosa. Estamos pois aos pés do colapso, e ante esta diagnose a solución non semella unha nova facultade de Medicina en Ourense, polo que lle pide ao grupo socialista que centremos os esforzos. Pidamos titulacións ou másteres que aínda están por saír no mapa de titulacións de Galicia. Remata indicando que o problema real son as condicións laborais dos profesionais sanitarios no noso país e a falta de prazas MIR a nivel estatal.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Desde o noso partido todo o que sexa reclamar para a nosa provincia vai a contar co noso apoio, pero outra cousa é a relación causa – efecto entre a creación dunha nova facultade e os problemas da sanidade pública. Entende que o problema real está no MIR, todo isto sen prexuízo de apoiar esta moción, pero pide ao grupo socialista que non traia mocións nas que exista unha contradición como esta, na que non hai relación entre o problema que se suscita e a solución que se dá.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Indica efectivamente que existe un claro erro na diagnose. Matiza que o que non hai son médicos con residencia, titulados si. O sistema sanitario precisa médicos con formación MIR, polo que o que se precisa é unha ou varias convocatorias extraordinarias para posibilitar a súa formación MIR, ou suprimir a taxa de reposición de efectivos, pero médicos titulados si que hai, polo que unha nova facultade non vai a solucionar o problema. O grao de medicina non é suficiente para entrar a traballar no sistema sanitario público, xa que este precisa de médicos con residencia. Ter máis médicos para o sistema sanitario público pasa por outras medidas, como que non queden prazas desertas na formación de médicos MIR. O que temos que ter é médicos coa residencia formada e con acreditación, non médicos en paro, e cómpre facelo xa porque o sistema nacional de saúde precisa médicos MIR. Lembra, por último, que o sistema é de cobertura nacional, polo que a medida proposta na moción é unha medida inservible. Sen prexuízo do argumentado, manifesta que o seu grupo vai a votar a favor da moción, se ben non comparten a diagnose que se fai nela.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que votará a favor porque me dá igual e só por non ter un titular como argumenta o PP lle parece ridículo. Sobre a afirmación de que hai médicos en paro en Galicia, pregunta entón por que o SERGAS non contrata, e lembra que os médicos non están a favor desa convocatoria extraordinaria de formación MIR da que fala o voceiro do PP. Engade que xa que o alcalde de Vigo reclama unha segunda facultade de medicina para o Sur de Galicia o grupo socialista na Deputación reclama que esta se sitúe na nosa provincia. Lembra que en España hai corenta e seis facultades de medicina e das que trinta e catro son públicas e doce son privadas, e que o número de prazas en Galicia leva estancado moitos anos en 360 prazas na nosa CA e nunha única Facultade. En Galicia máis dun terzo dos estudantes que queren facer Medicina teñen que saír fóra, e as solicitudes de matrícula no primeiro ano na facultade de Santiago superan anualmente as 700. É certo que fan falta moitas prazas MIR, xa que á sanidade pública lle faltan arredor de 4000 médicos especialistas e a situación empeora cada ano coas xubilacións que se producen. O déficit de médicos especialistas, especialmente na medicina de familia, véñse arrastrando desde o 2007 e supón unha gran tensión no sistema público de saúde, xa que non se fan substitucións en casos de vacacións ou baixas e se incrementan as agardas. Remata, indicando que o sistema nacional de saúde precisa de formar a máis médicos titulados, polo que pide o apoio para a súa moción.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que dos 80 médicos MIR que fixeron a residencia en Galicia, tan só van a quedar 29 na nosa CA, e esa é a realidade, polo que o problema non está na formación, senón na oferta que fai o SERGAS, e engade que unha problemática similar estase a dar cos profesionais da enfermería. Como creo que estamos errando na diagnose e na solución, non imos aprobar desde o BNG esta moción, xa que a causa real da ausencia de médicos para o noso sistema público non é a falta de titulados, senón dotar as prazas MIR necesarias para formalos, e logo darlles unhas boas condicións laborais.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que na súa opinión o PSOE está a argumentar cunha falacia, xa que non existe ningunha relación entre a problemática descrita e a solución que se achega na moción. Sería, caricaturizando, algo similar a pedir a NASA para Ourense para solucionar o problema dos incendios forestais. Insiste en que non hai relación causa – efecto entre o problema descrito e as propostas de acordo da moción. O problema real está no MIR, non na existencia de máis ou menos facultades de medicina. Apoiarán a moción porque favorece a Ourense, pero non comparten o argumentado nela.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Insiste en que se contratan médicos extra comunitarios sempre que teñan os estudos de residencia convalidados, porque ese é o problema precisamente. Engade non ter coñecemento de ningún sanitario que estea en contra da convocatoria extraordinaria de médicos MIR. Non se encontra ningún nexo de causalidade entre a segunda facultade de Medicina e a formación MIR, que nada ten que ver. Remata, indicando que o Grupo Popular vai votar a favor desta moción, xa que prefíren que a segunda facultade estea en Ourense e non en Vigo.

- quenda de peche Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que todo apunta á necesidade de máis médicos nos próximos anos e que non debemos esquecernos da pandemia que pasamos hai uns meses. O déficit producirase en todo caso, e afectará a especialidades como a Medicina de familia ou a Pediatría. O fondo da moción trata da creación da segunda facultade de Medicina en Galicia e que esta se emprace en Ourense. Necesitamos formar a máis médicos e o número de prazas na universidade de Santiago de Compostela é escaso e moitos non poderán estudar a carreira que queren, e que esta se emprace en Ourense sería un exemplo de discriminación positiva. Remata, indicando que o Grupo Socialista si cree nesta reivindicación, non como o resto dos grupos que unicamente a van apoiar para evitar un titular.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (9) Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia para a creación en Ourense, na contorna do Hospital Universitario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), da segunda facultade de Medicina de Galicia, co fin de incrementar o número de profesionais formados na nosa Comunidade Autónoma, para facer posible, xunto co aumento de prazas MIR, dunha mellor planificación e cobertura das necesidades de persoal actuais e dos próximos anos.

2º.- Instar ás institucións que forman parte do Sistema Universitario de Galicia (SUG) a evitar disputas innecesarias sobre a creación dunha segunda facultade de Medicina na nosa comunidade, optando por establecer este necesario centro na contorna do Hospital Universitario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), para facer posible, xunto co aumento de prazas MIR, dunha mellor planificación e cobertura das necesidades de persoal actuais e dos próximos anos.

3º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a defender e participar, mediante a colaboración económica ou patrimonial de calquera natureza que sexa necesaria, a creación da segunda facultade de Medicina de Galicia na contorna do Hospital Universitario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), co fin de incrementar o número de profesionais formados na nosa Comunidade Autónoma, para facer posible, xunto co aumento de prazas MIR, dunha mellor planificación e cobertura das necesidades de persoal actuais e futuras. Unha decisión que tamén axudaría a resolver os problemas demográficos e económicos da nosa provincia.

**9º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**10º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-**

- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta

ao Pleno da relación de decretos do mes de maio de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

### **11º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Indica que despois de varias preguntas realizadas polo noso grupo provincial, tanto en plenos anteriores, como tamén nas correspondentes comisións informativas e sen obter aínda resposta, actuando con total escurantismo, falta total de información e incumprindo o “principio de transparencia” do que tanto predica, sobre a nova localización tanto “provisional” como tamén a definitiva da sede da Deputación Provincial, que vostede anunciou que sería anunciada antes do mes de xuño deste ano 2022, e o traslado da actividade administrativa tería que “estar cerrada no primeiro semestre deste ano”. Cando vai vostede a responder á información solicitada sobre a localización definitiva da sede da Deputación e tamén a localización provisional? xa que, tanto ao mes de xuño como ao primeiro semestre, lle quedan 4 días. Cales van a ser esas novas localizacións para a Deputación Provincial de Ourense?

A Presidencia contesta que como xa se indicou de forma reiterada ao seu grupo, estase a realizar a avaliación das distintas posibilidades por parte dos servizos técnicos para o traslado da actividade administrativa a unhas instalacións provisionais. Está convocada xuntanza de seguimento para este mércores 30 de xuño entre Concello de Ourense, a Xunta de Galicia e a Deputación.

- Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que para que esta Deputación poida contar cun necesario e actualizado Plan de Igualdade, adaptado ás necesidades actuais e futuras da organización, xa que o actual é do ano 2017, se elaborou unha proposta de contratación asinada pola deputada delegada de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, dona Luz Doporto Real, con data 22 de febreiro de 2022. Cursouse unicamente invitación para participar neste expediente á mercantil INSTITUTO INTERNACIONAL DE MARKETING Y COMUNICACION SL con data 24 de marzo de 2022, para posteriormente adxudicar a esta mesma empresa por 14.750,00€ (IVE e demais impostos non incluídos) o 5 de abril de 2022. En que punto está a elaboración deste plan e cal é a data prevista para a súa publicación e posta en marcha? Cales foron os criterios a valorar para “cursar invitación” unicamente a esta empresa tendo en conta

que a súa actividade principal e a formación e consultoría? Ten acreditada experiencia en traballos similares para outras administracións? Tendo en conta que a deputada Luz Doporto, asinante da proposta de contratación, participou casualmente nun evento organizado por esta mesma empresa o pasado 8 de marzo, cobrou por esta participación? A Presidencia contesta que se está a realizar a análise e presentación de propostas – informe de diagnose. Achégase copia da proposta de contratación e copia do contrato. Foi realizada de acordo co procedemento de contratación, en concreto de acordo cos artigos 118 e 131.3 da Lei de contratos do sector público. O Instituto Internacional de Marketing e Comunicación é unha institución especializada na captación, estratexia e consultoría nos diferentes ámbitos relacionados coa comunicación, liderado e bo goberno: igualdade, participación e transparencia. Consultada a deputada Luz Doporto, comunica que efectivamente estaba invitada como deputada provincial de Igualdade ao acto LIFE 20 22, un diálogo municipalista onde mulleres de todo o mundo intercambiaron experiencias de xestión pública no día Internacional da Muller, organizado conxuntamente polo Instituto Internacional de Marketing e Comunicación, a Federación Latinoamericana de Cidades, Municipios e Asociacións de Gobernos Locais e a Rede Latinoamericana de Mulleres Municipalistas, pero por razóns de axenda, a deputada provincial de Igualdade, ao coincidir cos actos organizados pola propia Deputación de Ourense con motivo do día Internacional da Muller, non puido participar no evento.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta que sobre o pasado 16 de xuño de 2022 se publicaba a adxudicación por un valor de 14.990,00€ á empresa JOSÉ LUIS TEÓFILO COMUNICACION SL un contrato para a COMPRA DO LIBRO “OURENSE, UNHA PROVINCIA ABERTA AO MUNDO”, segundo se indica na proposta para “fondos da Deputación e usos de protocolo de presidencia”. Cal vai a ser o destino destes 1000 exemplares deste libro? Cales foron os motivos para invitar unicamente a esta empresa para a contratación da subministración deste libro? Existe algunha “relación” ou foi unha casualidade que este mesmo editor fose o do seu libro Creio en Ourense, publicado como resumo da súa última campaña das municipais do Partido Popular?

A Presidencia contesta que tal e como se indica na proposta asinada pola asesora da Presidencia de data 8 de xuño “considérase oportuno a adquisición de 1000 exemplares do libro Ourense, unha provincia aberta ao mundo para fondos da deputación e usos de

protocolo”. Foi realizada de acordo co procedemento de contratación, en concreto de acordo cos artigos 118 e 131.3 da Lei de contratos do sector público. A maiores, indicar que os libros, polas súas características só poden ser subministrados por un único provedor. Imaxino que vostede se refire ao libro “Claves dunha Campaña Única” editado por Teófilo Edicións, pero que el non é autor desa obra. Pois ben, a Deputación de Ourense optou por elixir a Teófilo Edicións, entre outras cousas, pola súa contrastada calidade da edición, a creatividade dos seus deseños e a minuciosidade das súas maquetacións. Teófilo Edicións conta con máis de 500 libros editados, e loxicamente publica para numerosas administracións ademais da Deputación Provincial de Ourense. Voulle pór algúns exemplos: Deputación de Pontevedra, Senado de España, Concello de Santiago de Compostela ou Concello da Coruña.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre o pasado Pleno do mes de maio de 2022, e tal e como se recolle na acta deste, recén aprobada nesta mesma sesión plenaria, este deputado facíalle unhas preguntas sobre o estado da estrada provincial que chega ao pobo de San Vicente de Leira no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras. Dende a Presidencia indicábase que a esta cuestión “sería respondida por escrito”. Por non ter aínda recibido esas respostas, reiteramos as preguntas: Cal é o estado no que se atopa a actuación comprometida nesta estrada para recuperar o acceso dos veciños ao núcleo de San Vicente de Leira? Vaise manter o proxecto de trazado e construtivo para unha nova estrada provincial? Existe dotación orzamentaria e cales serían os prazos de execución?

A Presidencia contesta dando lectura ao informe emitido pola directora da Área de Infraestruturas da Deputación, no que se informa o seguinte: vista a solicitude de información relativa ao expediente da estrada de San Vicente de Leira, formulada por don Aurentino Alonso Araújo, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación, no exercicio do seu dereito a obter do Sr. Presidente cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, informo o seguinte: Tal e como foi informado o pasado 27/01/2022, o expediente 2020/22855D, proxecto construtivo “ACCESO AL NÚCLEO DE SAN VICENTE DESDE LA OU-0807”, no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras, cun orzamento de 12.996.387,90 €, foi trasladado á Secretaría Xeral para a súa aprobación polo órgano competente. A tramitación de proxecto de trazado foi necesaria para escoller a alternativa de trazado e a tramitación do proxecto construtivo é necesaria

para desenvolver de xeito completo a alternativa elixida co detalle suficiente para facer factible a súa construción e posterior explotación. Para poder iniciar o expediente de contratación é preciso aprobar o proxecto e contar cun crédito dispoñible de 12.996.387,90 €. No Plan complementario da rede viaria 2022 foron contemplados 400.000 € para esta obra na presente anualidade (obra núm. 260, BOP n.º54, 8/03/2022). É preciso subliñar que o Plan da rede viaria vén asignando nos derradeiros anos un investimento anual de 1,5 - 2 millóns de euros aos 1.852 km de rede provincial. O novo treito para dar acceso ao núcleo de San Vicente, cunha lonxitude de 0,85 km, require dun investimento próximo aos 13 millóns de euros. O prazo de execución previsto no proxecto construtivo é de trinta e seis meses (36 meses). O que se informa, para os efectos oportunos.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta, ante o anuncio dun posible catamarán no termo municipal de Muíños para completar a oferta turística e deportiva das Cunchas, e tendo en conta que esa masa de auga vén de ser sinalda como auga afectada por contaminación na actualización do mapa do MITECO, e que o ano pasado, entre xullo e setembro, o baño estivo prohibido tanto na praia fluvial de Bande como nas de Muíños, pode garantir a Deputación de Ourense que o dito catamarán non rematará navegando sobre un manto verde?

A Presidencia contesta, en primeiro lugar, que a calidade das augas segundo os datos dos que dispoñemos é que é excelente, segundo o informe de Sanidade, e que o último informe da CH do Miño-Sil indica a inexistencia de toxinas. Que ao longo deste ano veñen desenvolvéndose numerosas actividades deportivas nas augas do encoro das Conchas. En concreto, leváronse a cabo as seguintes: O 9 de abril de 2022 celebrouse o Campionato Galego de Inverno de xoves promesas K-2/C-2 que contou coa presenza do Presidente da Federación Galega de Piragüismo. Os 28 e 29 de maio de 2022 celebrouse o Campionato de España de Media Maratón que contou coa presenza do Presidente da Federación Española de Piragüismo, o cal mostrou a súa satisfacción polo medio natural no que se levou a cabo a proba.

Ademais, está prevista a realización das seguintes probas: setembro, Campionato Galego de Inverno de xoves promesas, cita que estaba prevista para a celebración en marzo e que se adiou debido ás malas condicións climatolóxicas. En outubro celebrarase unha nova edición da Gladiator Race, na que tamén se levan a cabo actividades náuticas no encoro das Conchas. Así mesmo, no Complexo Turístico-Deportivo “O Corgo”, de

Muíños, realízanse cada ano campamentos de verán, no que se levan a cabo actividades náuticas. Este ano 2022 está pendente o comezo da tempada de verán con numerosos campamentos xa confirmados.

Achégolle, informe de Sanidade, no que se indica que a auga é de calidade excelente e o último informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, no que se especifica claramente a non presenza de toxinas nas augas do encoro das Conchas.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre a oficina de recadación municipal que sempre estivo aberta no concello de Viana do Bolo e que cumpre unha función moi importante e necesaria. Sendo a atención presencial e personalizada para resolver os diferentes trámites relacionados con impostos e o catastro un dos elementos máis precisos e valorados pola veciñanza. Esta oficina depende neste momento da Deputación Provincial de Ourense, encargada de prestar este servizo en nome do concello de Viana. O concello de Viana paga á Deputación de Ourense por manter esta oficina aberta ao público uns 60.000 €. Esta cesión de cobro de tributos e prestación servizos de atención ao público foi acordada polo goberno do PP na anterior etapa. Porén, esta oficina apareceu sorprendentemente pechada e xa non se atende de forma presencial á veciñanza de Viana. Sendo para o BNG moi grave o peche desta oficina, pois se deixa á poboación de Viana sen este servizo, sobre todo cando conta cunha porcentaxe moi importante de xente maior que se afai mellor ao trato presencial e descoñece en gran medida a forma de tramitar telematicamente as súas xestións. Por que a Deputación de Ourense deixa sen un servizo de atención presencial a unha veciñanza cunha importante porcentaxe de xente maior, mentres segue cobrando do concello por prestar un servizo de recadación, deteriorando así as condicións previamente existentes á súa cesión a esta institución, e incumprindo o que figura na concesión? Está a Deputación de Ourense disposta devolverlle a atención presencial á veciñanza de Viana do Bolo nesta oficina para a xestión dos trámites precisos?

A Presidencia contesta que o Concello de Viana, de acordo coa Ordenanza fiscal

reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación pola Deputación Provincial de Ourense, ten delegadas a prestación de servizos e a realización de actividades administrativas necesarias para exercer as función de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público delegados, polo que no ano precedente se ingresaron 54.831,08€. Na oficina de Viana estaba prestando servizo unha traballadora que non superou o proceso de consolidación de emprego e dende o Concello indican que o servizo de atención presencial á cidadanía se mantén con medios do propio Concello. Reitírolle que dende o Concello indican que o Servizo de Atención presencial á Cidadanía mantense con medios do propio Concello.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta como avanza a posta en funcionamento da comisión de patrimonio, acordada por unanimidade do Pleno Provincial, e que pasos quedan por dar para que esta comisión sexa plenamente operativa?

A Presidencia contesta que o pasado 24 de febreiro se celebrou a Comisión de Patrimonio, presidida polo vicepresidente segundo da Deputación de Ourense, César Fernández. Na comisión, constituída cumprindo co acordo plenario, estiveron presentes, xunto co vicepresidente provincial, o director do Museo Arqueolóxico, Xulio Rodríguez; a directora do Museo Municipal de Ourense, Eva Torres; o delegado de Patrimonio do Bispado de Ourense, Luis Manuel Cuña; o arqueólogo municipal do Concello de Ourense, José María Eguileta; o asesor de Cultura do Concello de Celanova, Antonio Piñeiro; o experto arqueólogo Antonio Rodríguez Colmenero e o asesor de Cultura da Deputación, Aurelio Gómez Villar. Nesta xuntanza trasladóuselles aos presentes un borrador de regulamento para o seu estudo e posterior aprobación, que se quedou en que se leve a cabo na próxima reunión da comisión que lle adianto que vai ter lugar no mes de xullo. A Comisión, como lle acabo de indicar, estará plenamente operativa trala aprobación do regulamento no mes de xullo.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o rogo de que, posto que a Fundación Rosalía de Castro está a executar unha exposición itinerante sobre os 50 anos da casa museo de Rosalía e se contactou con esta Deputación e non se obtivo resposta, pídeselle á Presidencia que se colabore con esta para conseguir que esta interesante exposición se achegue á nosa provincia e aos nosos cidadáns.

A Presidencia toma nota do rogo formulado.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE) pregunta: que, hai seis anos, os veciños de Viana do Bolo saíron ás rúas para reclamar o arranxo da estrada de San Agostiño. Posteriormente asinouuse un convenio de colaboración entre a mercantil ENDESA, o Concello e esta Deputación e redactouse o proxecto e licitáronse as obras, sendo adxudicataria unha UTE, e sen que á data de hoxe se iniciasen as obras. Pregunta se se vai levar a cavo a obra pola adxudicataria ou se vai resolver o contrato, e que previsión de execución teñen estas.

A Presidencia sinala que se responderá por escrito.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE) en primeiro lugar formula o rogo da conveniencia de facer limpeza nas estradas de titularidade provincial no termo municipal de Leiro. A continuación pregunta sobre o enfrontamento entre o que pensa o concello e o que pensa esta Deputación sobre o futuro do COB, polo que pide que se aclare cal é o posicionamento desde a Deputación.

A Presidencia toma nota do rogo e sobre a pregunta indica que esta tarde hai asemblea do COB e que o posicionamento será facer valer o peso accionarial que temos na sociedade, tendo en conta ademais o uso que fai do noso pavillón, e asegurar o papel protagonista desta Deputación para seguir tendo peso nas decisións que se adopten, como fixemos todos estes anos para garantir a viabilidade do club.

- Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE) pregunta e pide copia do informe técnico provincial sobre a situación da casa de Antón Tovar.

A Presidencia indica que se fará chegar unha copia deste.

- Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE) pregunta a opinión da Presidencia sobre unhas recentes declaracións de Paula Prado e de Miguel Tellado, membros do PP, nas que indicaban que o AVE chagara a Ourense, pero non a Galicia.

A Presidencia contesta que Ourense é Galicia e Galicia é Ourense, e que ningún pode dicir que o AVE non chegou a Galicia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

## **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url

[http://depourense.seneca.tv/s/ptVaXvTbAr2XW3Fj2XKxSoDKch5HZID4TMW205vNwH5C  
Rzvh.wmv](http://depourense.seneca.tv/s/ptVaXvTbAr2XW3Fj2XKxSoDKch5HZID4TMW205vNwH5CRzvh.wmv)

SHA512

0e0c94cecc4f48f2e80378824a5cb2428c92c2b2c29e40f123095572885e95fe6118e16  
098dba0471ec2c0f4797bb03472f8e704dc0fdd968ee94b672000dc5b

E, ás 13.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.